

NORMAS E CONSELLOS XERAIS PARA A VIAXE

1. Documentación:

1. **DNI** (non caducado) da persoa que viaxa.
2. **Autorización** do pai, nai, titor ou titora legal efectuada mediante comparecencia personal nunha dependencia policial (Comisarías de Policía, Postos da Gardia Civil).

Na autorización farase constar o nome e o DNI da persoa acompañante.

A Autorización ten unha validez de 30 días dende a súa expedición.

Nota: A autorización será entregada á profesora acompañante antes da viaxe.

3. Non é necesario, pero aconséllase facer o pasaporte (que se expide no momento e non hai que pedir cita).

2. Saúde:

1. Expedir a **tarxeta sanitaria europea**. A ligazón on-line para solicitala na Seguridade Social é: bit.ly/1oLoUzO
2. Os alumnos deben comunicar á profesora acompañante, se fose o caso, todo tipo de problemas de saúde que teñan (alerxias, sobre todo a alimentos, asma, etc.) e deberán redactar un protocolo de actuación en caso de crise e entregalo á profesora para que o leve sempre consigo.

3. Aparellos:

1. Recomendamos non levar na viaxe máis aparellos que o móbil e, se interesa, a cámara de fotos, para así evitar roubos ou extravíos.
2. O alumno debe proporcionar un número móbil e outro de contacto coa familia.
3. Non esquecer activar o roaming coa compañía de teléfonos.

4. Equipaxe:

1. Permítese unha pequena maleta en cabina (56 cm x 45 cm x 25 cm)
2. Pódese levar en cabina un bolso ou mochila pequenos.

5. Roupas:

1. Calzado moi cómodo e versátil. Non levar zapatos para estrear.
2. Aconsellamos consultar a previsión meteorolóxica, pero en todo caso, temos que contar con que poida facer frío e que chova.

6. Normas da viaxe:

1. Non esquecer que se trata dunha viaxe de estudos. É necesario respectar as normas e amosar, en todo momento, un comportamento responsable.
2. É obrigatoria a asistencia ao Centro de estudos e a participación nas actividades escolares, respectando sempre os horarios establecidos e as súas normas de funcionamento.
3. Ter coidado nos desprazamentos, ir sempre acompañados e respectar as normas de seguridade establecidas tanto nos desprazamentos como nos lugares de visita.
4. Non consumir nin levar sustancias non permitidas.
5. Ao ser un intercambio con aloxamento en familia será tamén preciso manter unha actitude aberta, respetuosa e sensible ante os costumes e códigos locais.
6. Se xurdise algún problema ou conflito, haberá que comunicalo o antes posible á profesora responsable.

NOTA: Cuestións máis concretas sobre a viaxe e a estancia trataráanse na reunión que terá lugar o **mércores 20 de marzo**, ás **19:00**, na **Biblioteca**.

PAI/NAI/TITOR OU TITORA _____

do ALUMNO/A _____ confirmo ter coñecemento das normas e consellos para a viaxe e autorizo, no caso de incumprimento, as correccións e sancións oportunas segundo as Normas de Organización e Funcionamento do Centro.

En A Coruña, a _____ de marzo de 2019.

ASDO.:

Entregar antes ou o mesmo día da Reunión do 20 de marzo.